



**CULLEREDO**  
CONCELLO

## **BANDO POR ALTERACIÓNS DA CIRCULACIÓN CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DE EVENTO DE CARÁCTER CULTURAL**

Con motivo da celebración do festival musical, denominado MORRIÑA FEST, que se celebrará os días 19,20,22,25, 27 e 29 de agosto do presente ano, a circulación de persoas e vehículos neses días verase afectada, atendendo ao Plan de Seguridade establecido pola Policía Local nos termos que se expresan a continuación:

- No **Plan de Seguridade** elaborado pola Policía Local de Culleredo establece un perímetro de seguridade arredor do espazo a ocupar polos concertos, neste espazo se instalarán os medios de protección e prevención necesarios para o bo e seguro transcorrer dos eventos. ( Protección Civil, Servizo Municipal de Emerxencias, vehículos contra incendio e forzas e corpos de Seguridade).
- No mesmo Plan de Seguridade, establécese unha serie de limitacións ao tráfico na Avda. de Xoan Carlos I, de maneira que permita asegurar a evacuación e asistencia urxente dos medios de auxilio que puideran ser necesarios no transcorrer dos eventos musicais.
- Para facer efectivo a execución do Plan de Seguridade citado e en orde a garantir a segura e correcta celebración dos concertos sinalados, por esta Alcaldía, se establecen as seguintes disposicións:
  - 1.- Limitación do uso público** do perímetro interior do valado situado arredor do espazo destinado aos concertos os días de celebración de concertos, entre as 12:00 horas dese día e as 02:00 horas do día seguinte.  
Dentro dese perímetro inclúese o correspondente tramo de carril bici que quedará fora de uso neses mesmos días e horarios.
  - 2.-Corte de tráfico na Avda. de Xoan Carlos I** os días de celebración de concertos, no tramo que discorre dende o cruce con Avda. de Fonteculler (glorieta Policía Local) e o N° 1 de dita Avda. ( cruce coa Rúa Monasterio de Carracedo), entre as 19:30 horas dese día e as 02:00 horas do seguinte.

O que se fai público para xeral coñecemento e observancia.

Culleredo, a 17 de agosto de 2021

O Alcalde

Asda. José Ramón Rioboo Castro

# **bando da alcaldía**